


# Teatro Aforo

OUTUBRO / NOVEMBRO

CURSOS 2015



[teatroaforo@hotmail.com](mailto:teatroaforo@hotmail.com)





## ***DIVERTIMENTOS EN FAMILIA***



Datas: 30 de outubro a 2 de novembro  
Horario: venres de 17:30 a 20:30 h.  
Sábado, domingo e luns de 10:30 a 13:30 h.

### Descrición

Curso dirixido a pais, nais e fillos maiores de 6 anos interesados no mundo do teatro. Ten como obxectivo dirixir a atención cara a importancia do movemento do corpo como vehículo de expresión necesario ó actor/ser humano e como parte indispensable da práctica educativa. Xogar e indagar co corpo dando corda á imaxinación, e permitindo desfilar os sentimentos. En Divertimentos o ir e vir dos sentidos y do movemento é unha busca da conexión co neno que somos; e a aprendizaxe conxunta desa busca cos nenos que nos rodean, os nosos fillos que aínda gozan abertamente da creatividade sen límites.

### Contidos

O xogo como baile do pensamento na busca do equilibrio có corpo. A Acción como ferramenta fundamental do actor. A música, inspirador xoguete co cal atopar un apaixonante xogo: o xogo có corpo. As estruturas literarias dos temas musicais suxiren e abren universos de imaxinación.

### Mestra

*Orisel Gaspar Rojas*

Licenciada en Artes Escénicas na especialidade de Interpretación. Cursou estudos na Universidade de las Artes da Habana, Instituto Superior de Artes (ISA), Cuba, onde foi discípula de Vicente Revuelta, Flora Lauten e Roberto Blanco, mestres considerados entre os máis relevantes actores e directores artísticos de toda América Latina. Ten una longa experiencia como actriz en compañías dramáticas onde foi ademais directora teatral e formadora de actores. Tivo roles protagónicos en clásicos como “Sueño de una noche de verano”, “Petición de Mano”, “La Marquesa Rosalinda”, “Así es, si así os parece”, “Woyzeck”, “Fábula de un país de cera”, e outras da súa autoría como “Al son del tiple y el güiro”, “Orisel Gaspar al desnudo” e “Hijo del alma”. Impartiu clases de interpretación en Players Academy (Toronto), Equity Showcase Theatre (Toronto), Teatro Vivo de Cuba (Cuba/España), AniuR Creativos Audiovisuales (España), Teatro Escambray (Cuba), EnamorArte (España).

Dirixiu espectáculos de teatro para diversas compañías teatrais e participou en numerosas edicións de prestixiosos Festivais de Teatro entre os que destacan o Festival Internacional de Teatro da Habana, Festival Internacional de Teatro de Camagüey, Du Maurier World Stage Festival de Toronto, Festival Internacional de Teatro de Pequeno Formato El Mejunje, Festival de Teatro Yorick da Habana, Festival de Teatro Sin Fronteras, entre outros. Ten experiencia en series e telefilmes no ámbito televisivo. Colaborou coa Televisión Cubana, Escola de Cine de San Antonio de los Baños, Escola Galega de Cine, Televisión Española (RTVE) e Televisión Galega (CRTVG). Colaborou nas teleseries galegas “A vida por diante”, “Valderrei” e “Pazo de familia”.



Adulto - 65 euros  
Adulto +1 neno – 90 euros  
Adulto+ 2 nenos – 100 euros  
Adulto+ 3 nenos – 110 euros  
2 adultos + 1 neno- 150 euros



# INICIACIÓN Á INTERPRETACIÓN



Datas: 30 de outubro a 2 de novembro  
Horario: venres de 17:30 a 20:30 h.  
Sábado, domingo e luns de 10:30 a 13:30 h.

## Descrición

Descubrir o xogo como base da interpretación. Coñecer e experimentar a técnica da improvisación. Tomar conciencia do corpo para o desenvolvemento da presenza escénica. Coñecer os elementos do conflito dramático.

## Contidos

- O xogo teatral. A desinhibición.
- Técnica da improvisación.
- O conflito: protagonista, antagonista.
- O texto.

Mestres

Leonel G. Laborde

Eva Vila



65 Euros